



ANUNCIO
SELECCIÓN DUN/HA A.T.S. PARA O S.P.A.D.
(Servizo Preventivo Asistencial de Drogodependencias)

A Xunta de Goberno Local en sesión do 3 de agosto de 2010, acordou a contratación dun/ha A.T.S./diplomado/a en enfermería, para cubrir substitucións no S.P.A.D (Servizo Preventivo Asistencial de Drogodependencias), mediante a celebración dun concurso de méritos nos que se terá en conta o seguinte:

- Por ter prestado servizos, como A.T.S. En drogodependencias na Administración Pública: 0,5 puntos por cada 6 meses, ata un máximo de 2 puntos.
- Por ter prestado servizos, como A.T.S. en drogodependencias en Institución ou empresa privada: 0,25 puntos por cada 6 meses, ata un máximo de 1 punto.
- Por asistencia a cursos, publicacións, becas, premios, estudos, traballos de investigación, etc), serán avaliados polo Tribunal da seguinte forma:
 - En materias de drogodependencias, ata un máximo de 5 puntos no seu conxunto.
 - Noutras materias, ata un máximo de 2,5 puntos no seu conxunto.
- Por ter o curso de galego Celga 3: 0,50 puntos; e no caso de ter o Celga 4, puntuarase globalmente con 1 punto.

O **prazo** de presentación de instancias (inscripción), será de **CINCO DIAS NATURAIS** contados a partir da publicación deste anuncio.

Os interesados deberán acompañar a súa instancia os xustificantes dos méritos que aleguen para o concurso, que deben ser orixinais ou copias cotexadas. Para máis información nas oficinas do Concello.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Vilagarcía de Arousa, 6 de agosto de 2010
A ALCALDESA,